



**barriga verde**

DA BARRACA Á AULA

*morreu*



*o demo*

Esta actividade conta co apoio  
da Área de Cultura da Deputación da Coruña



**Deputación  
DA CORUÑA**



# DA BARRACA Á AULA

Un proxecto da AC Morreu o Demo

## Introdución

Nos últimos anos a escola está a amosar unha importancia fundamental á hora de actuar como transmisora de tradicións e memorias colectivas. A escolarización a idades cada vez máis temperás, a obrigatoriedade do ensino, así como a desaparición de xeitos tradicionais de socialización e de transmisión converten as aulas nun espazo fundamental para transmitir os costumes, valores e memorias que a miúdo transcenden con moito o ámbito puramente académico. En Galicia, esta situación déixase ver de xeito espectacular á hora de manter e recuperar determinadas tradicións. Deste xeito, a tradición do magosto, do carnaval ou dos maios mantéñense con vitalidade en moitas cidades grazas ao traballo imprescindible do profesorado e do alumnado de diferentes graos, que en ocasións supoñen a práctica totalidade dos oficientes. Do mesmo xeito, tradicións recuperadas nos últimos anos como foron o Samaín ou o personaxe do Apalpador non terían conseguido arraigo social de non se de novo pola súa presenza como actividade nas aulas desde as idades máis temperás.

Conscientes desta situación e plenamente convencidos da necesidade de contar cos centros de ensino regrado para garantir a perpetuación e a renovación do títere popular, na Asociación Morreu o Demo pretendemos, co proxecto *Barriga Verde, da Barraca á aula* facilitar a integración deste mundo nas aulas.

## Barriga Verde

O teatro popular de títeres estivo presente en feiras, festas e prazas das vilas e cidades ata ben entrado o século XX, e constituíu unha importante forma de entretemento, educación e comunicación das comunidades antes da irrupción dos medios de comunicación de masas e das transformacións que experimentou a sociedade galega nas últimas décadas. Esta expresión cultural, que fai parte dunha rica e antiga tradición europea, permanece aínda na memoria colectiva das xeracións nadas antes de 1950, pero corre o risco de perderse.

A principios do século XX xunto con José Silvent chega a Galicia un novo personaxe: Barriga Verde, que incorpora as características esenciais da tradición europea de títeres de



cachaporra. A súa popularidade no país é enorme entre 1920 e 1960, cando percorre gran parte das feiras e vilas coa súa barraca. O seu irmán Santiago e a súa irmá Julia, en vista do éxito do personaxe, incorporárono tamén aos seus espectáculos, e entre os tres non quedaba feira ou festa en Galicia que non acollese unha representación do famoso monicreque. As feiras da Ascensión en Santiago, a de San Xoán de Carballo, a de Santa Mínia en Brión ou a Pascua de Padrón eran paradas obrigadas das barracas dos Silvent e nesas vilas coruñesas, alén doutras moitas, a chegada dos titiriteiros era moi agardada.

Ademais, o feito de desenvolvéronse estas representacións en galego convérteas nunha das principais (aínda que pouco coñecidas) referencias escénicas que se desenvolveron na nosa lingua en anos tan difíciles para ela como foron os do franquismo. Esta peculiaridade xa foi recoñecida no momento por autores destacados das nosas letras como Borobó, Xosé Luís Méndez Ferrín, Vicente Risco e outros.

En 1964, cando José Silvent se retira, o espectáculo esmorece. O teatro de títeres de luva abandona as feiras e pasa a ser considerado un entretemento infantil no que prima o compoñente didáctico. Os títeres de feira ían dirixidos a públicos de todas as idades e a súa funcionalidade era máis ben catártica. Ao non encaixar coas tendencias que impoñen os novos tempos, Barriga Verde camiña lentamente cara o esquecemento.

## A Asociación Morreu o Demo

A Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego constituíuse a finais de 2012 co propósito de recuperar e dar a coñecer este patrimonio cultural, que, ao igual que outras expresións da cultura popular, ficaba no esquecemento. A Asociación, integrada por persoas do mundo das artes escénicas, da comunicación ou da antropoloxía, marcouse desde o seu nacemento un triplo obxectivo: investigar para afondar na recuperación do patrimonio dos títeres tradicionais en Galiza, divulgar este legado en todos os ámbitos da sociedade e reactivar o personaxe de Barriga Verde entre as novas xeracións, manténdoo no imaxinario colectivo da sociedade.



## Obxectivos

Sendo moi conscientes do enorme potencial didáctico dos títeres, os obxectivos xerais das actividades propostas son:

### Xerais:

- Fornecer a sociedade galega con ferramentas para socializar a transmisión e revitalización do patrimonio inmaterial dos títeres de cachaporra.
- Fomentar xeitos alternativos, artesáns, grupais e cooperativos de ocio.
- Achegar un xeito sinxelo de se introducir no mundo escénico.
- Popularizar os títeres como xeito de entretemento en contornos locais e familiares.
- Favorecer o interese pola arte dos títeres.
- Divulgar e contextualizar as pezas que conformaban o espectáculo de Barriga Verde.
- Estimular a aprendizaxe e a aplicación de nocións básicas da manipulación dos títeres de luva.
- Estimular a creatividade como capacidade única e personalísima.
- Coñecer e valorar o contorno social e cultural, así como as posibilidades de acción e defensa deste, con especial atención á singularidade de Barriga Verde e dos títeres e das festas tradicionais.
- Contribuír ao coñecemento e á utilización de xeito apropiado da lingua galega e a desenvolver hábitos de lectura.
- Fomentar as actitudes positivas e a interiorización dalgúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega: música, costumes, festas populares, etc.
- Espertar o gusto polos espectáculos de títeres, buscando a súa progresiva integración como unha opción habitual no tempo de lecer.
- Integrar os títeres como ferramenta pedagóxica nos diferentes niveis do ensino



Os contidos do proxecto contribuirán ao desenvolvemento das competencias:

- social e cidadá
- cultural e artística
- en comunicación lingüística
- no coñecemento e na interacción co mundo
- no tratamento da información
- na autonomía e iniciativa persoal.

Ademais, consideramos que os títeres achegan enormes posibilidades como ferramentas pedagóxicas para abordar calquera temática e área, en particular cuestións como a violencia, a igualdade, a discriminación ou a representación de conflitos. Do mesmo xeito é unha arte cun grande potencial para desenvolver a expresión creativa xa sexa a nivel plástico, coa elaboración dos bonecos, como literario, na elaboración das obras, ou dramático, na súa representación.

O traballo cos títeres garda unha especial relación coas áreas de lingua e literatura galega, ciencias sociais, xeografía e historia e educación artística. A nosa proposta debe ser entendida desde unha perspectiva de desenvolvemento en espiral, de maneira que prescindimos de especificacións de contidos por idades e/ou cursos.

- **Educación artística**
  - Recoñecemento e valoración de Barriga Verde como manifestación artística e cultural, prezando a súa achega á riqueza e á diversidade do patrimonio cultural galego, e animando ao compromiso na súa defensa, conservación e difusión.
  - Coñecemento de aspectos do xénero titiriteiro desde as perspectivas artística e cultural, interesándose polas características do traballo dos/as artistas e disfrutando, como público, na observación dos espectáculos de monicreques e, como creadores, na produción dos seus propios espectáculos.



- Relación dos títeres con outras formas escultóricas populares.

- **Lingua galega e literatura**

- Valoración e aprezo de Barriga Verde como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de desfrute persoal, estimulando a sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos do personaxe.
- Aproximación ao coñecemento do patrimonio literario en torno a Barriga Verde (Risco, Cunqueiro, Manuel María...) e ao seu valor como xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva no contexto histórico-cultural do personaxe.
- Consciencia das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, en especial nas situacións de lecer.
- Coñecemento xeral da historia social da lingua galega nos tempos de Barriga Verde, analizando e comprendendo os feitos máis relevantes.

- **Ciencias sociais, xeografía e historia**

Achegamento á conceptualización do paso do tempo a partir da historia persoal, do tempo familiar e local, mediante a caracterización da sociedade galega da época de Barriga Verde, recoñecendo cambios e transformacións no medio natural, social e cultural, en especial no relativo aos espazos nos que se representaba Barriga Verde (as feiras e festas como elemento relacional fundamental da cultura popular).

- Interese pola participación e conservación de festas, xogos e costumes populares propios de Galicia como sinais de identidade social, incidindo no coñecemento e valoración dos aspectos básicos de Barriga Verde desde a perspectiva lingüística, cultural, histórica e artística e estimulando a participación na súa recuperación.
- Identificación das raíces de Barriga Verde e dos trazos culturais presentes en tradicións de títeres de luva doutros territorios: Pulcinella, Punch, Guignol, Don Cristóval, Dom Roberto ou Kasperek.
- Valoración e respecto polo patrimonio europeo, español e galego de títeres de luva como fonte de información do pasado e como signo de identidade compartido.



- Recoñecemento existencia de colectivos ambulantes na sociedade tradicional e da multiplicidade de identidades en convivencia. Consciencia dos procesos de sedentarización e das súas implicacións para a conformación do Estado.
- Conscienciación da evolución das industrias culturais e dos xeitos de entretemento e de relación.
- **Contidos transversais a todas as áreas**
  - Valoración dos medios de comunicación social, como a prensa, a internet ..., como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións relativas a Barriga Verde, a partir do intercambio interxeracional de experiencias e utilizando de xeito responsable e creativo as TIC e o traballo de campo para obter información e para compartir coñecementos.
  - Integración de información da exposición procedente de diferentes soportes (esquemas, ilustracións...), recoñecendo as estruturas narrativas, descritivas e explicativas empregadas na exposición.
  - Identificación das posicións morais que están na orixe da perda e esquecemento de tradicións populares, valorando a importancia da análise ética e da actitude crítica no compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do patrimonio cultural popular.
  - Desenvolvemento dunha actitude crítica ante os modelos culturais que transmite a sociedade, mediante a utilización razoada e con progresiva autonomía de fontes de información orais, das bibliotecas, dos medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar a información con criterio propio.



## Actividades

A listaxe de actividades que se presenta en primeiro lugar responde á primeira fase do proxecto, a desenvolver durante o curso 2020-2021. Para alén das achegadas pola AC Morreu o Demo, anímase aos centros participantes a completar o traballo arredor do títere tradicional con outras propostas que poden desenvolver de xeito autónomo ou en colaboración de novo coa Asociación ou outras entidades. Do mesmo xeito, adiántanse propostas que se pretenden desenvolver en vindeiras fases do proxecto de cara a facilitar o seu debate e integración no traballo docente.

### 1. Encontro co profesorado

Este encontro pretende presentar o programa didáctico aos responsables dos diferentes centros de ensino implicados. Co apoio de bonecos e de material audiovisual realizarase unha introdución ao mundo do títere tradicional e as súas posibilidades didácticas e farase unha introdución ás actividades propostas, a atender ás observacións e suxestións dos docentes presentes. Entre outras cousas, abordarase un percorrido polas diversas formas de títeres e manipulación en diferentes partes do mundo e o porqué do uso de cada unha delas. Tras este percorrido centrarémonos na tradición galega, nas figuras do bululú e Barriga Verde principalmente, amosando o papel que desempeñou Barriga Verde na cultura galega, a súa popularidade e a importancia do espectáculo na cultura popular do século XX. A evolución da barraca e do espectáculo, os diferentes barrigas verdes que percorreron Galiza ou a vida dos titiriteiros abordaranse a contar con testemuñas orais sobre o tema e algúns dos textos que destacados persoeiros da cultura escribiron sobre o personaxe.

### 2 Dotación de lotes de material documental aos centros de ensino

Cada un dos centros participantes recibirá un lote de publicacións sobre o mundo dos títeres tradicionais cunha especial atención ao caso galego. Na mesma incluírase un DVD do documental "Morreu o Demo, acabouse a peseta" sobre a historia de Barriga Verde e as súas conexións cos títeres europeos que poderán utilizar libremente nas aulas. Canda a este, incluíranse no mesmo o catálogo "Barriga Verde. De feira en feira" e mais o libro "Sen medo ao demo", realizado a partir da tese doutoral de Comba Campoi ("O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso da barraca de Barriga Verde na Galiza de Postguerra (1939-1960)"). Ademais, proporcionaráselle aos docentes participantes acceso a todo o material en liña publicado pola AC Morreu o Demo, como os vídeos da Canle de Youtube (video tutoriais para desenrolar obradoiros na aula, recollida de testemuños, mesas



redondas, vídeos promocionais e outros contidos: <https://www.youtube.com/c/BarrigaverdeEu>) ou o contido didáctico publicado no web da Asociación (“Guía para realizar entrevistas sobre os títeres tradicionais” <http://barrigaverde.eu/cms/guia-para-realizar-entrevistas-sobre-os-titeres-tradicionais/> ou a Guía Didáctica “Onde foi Barriga Verde?”).

### 3. Videofórum

Proxectarase o documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, de 78’ de duración, dirixido por Pedro Solla e producido por Tintimán Audiovisual. O documental amosa o proceso de recuperación da barraca de Barriga Verde por parte dos membros da compañía Viravolta. Ao longo da súa investigación conversan cos descendentes da familia Silvent, creadores do personaxe de títeres de luva, así como con outros marionetistas europeos. Ademais realízase un achegamento ao títere de luva galego, e á tradición europea da que fai parte.

A seguir, membros do equipo do documental ou de Viravolta desenvolverán un debate cos asistentes sobre a película e a situación dos títeres e doutros elementos da sociedade tradicional na actualidade.

### 4. Video tutoriais con obradoiros de construción e manexo de títeres.

#### Alumnado de Educación Infantil e de Primaria.

Nestes obradoiros cada un dos participantes elaborará unha marioneta de luva, con materiais moi sinxelos. Os/as monitores/as apoiarán o traballo dos nenos/as, guiándoos nos aspectos técnicos pero respectando a creatividade de cada participante.

Para facilitar a escrita, suxerimos dous personaxes a enfrontar, onde a violencia parte do personaxe que agrede e o outro, acomete defensa personal con inxenio e cachaporra, tal coma se resolve no títere polpular.

- bv versus monstro
- bv versus morte
- bv versus autoridade
- bv versus demo
- bv versus roles machistas
- ou calquera outra



Animamos aos centros, a que previamente, fagan búsquedas de vídeos de escenas en internet de Punch and Judy, Dom Robertos, Pulcinellas, Barriga Verdes, etc

Punch and judy de Rod Burnet

<https://www.youtube.com/watch?v=HBsHvyPnHIY>

pulcinella de Gaspare Nasuto

<https://www.youtube.com/watch?v=uqWOZHEW5bg>

Dom Roberto de S.A.Marionetas

<https://www.youtube.com/watch?v=S2IF8EX5IXc>

Dona Barriga Verde de Larraitz Urruzola

<https://www.youtube.com/watch?v=VnmeUZuqs6M>

Necesidades: Espazo con mesas

sesión única de 100 min.

## Alumnado de Secundaria

Durante varias sesións, os e as alumnas aprenderán a fabricar e a manipular un boneco de luva. A posteriori abordarase a representación dunha escena das presentes tradicionalmente na obra de Barriga Verde (o touro, o barbeiro, o demo, o cura...), con explicacións sobre como abordar algunha outra das escenas incluídas da obra, no caso de haber interese polo alumnado.

Contidos dos obradoiros:



- Introducción aos títeres de cachaporra. Tipos, historia, manipulación básica.
- Introducción e contexto histórico de Barriga Verde
- Construción de títeres.
- Atrezzo e escenario
- Representación
- Uso da palleta



## 5. Exposición: Onde foi barriga verde?

Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento en dez paneis ilustrados a toda cor, que durante a pandemia enviaremos en pdf, tendo en conta a dificultade de incorporar elementos no interior do centro pola normativa de seguridade covid.. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos son algúns dos temas que se tratan. A exposición, consistente en dez lonas autoportantes conta coa súa propia guía didáctica que se porá a disposición do profesorado.

## 6. Monicreques en igualdade

A partir dunha peza de títeres de cachaporra (técnica empregada no espectáculo de marionetas de Barriga Verde), preséntase unha situación de desigualdade e un conflito que se resolve de xeito violento. Os/as participantes deberán reflexionar sobre as posibles solucións non violentas para dito conflito. As solucións quedarán plasmadas en pequenas pezas escritas que serán representadas cos monicreques que os propios/as rapaces/as constrúan con materias de refugallo moi sinxelos.

Necesidades: Espazo con mesas

sesión única de 100 min

## Propostas complementarias

### Contratación dun espectáculo de Títeres

Levar ao centro un dos espectáculos que na actualidade recrean as funcións de Barriga Verde pode ser un complemento ideal para as actividades propostas, xa que facilita o encontro con representacións profesionais desta arte e permite familiarizarse coas peculiaridades do xénero.

### Barriga Verde, de Viravolta Títeres

Mesturando a tradición do títere galego coa europea, recolleamos cinco situacións que Barriga Verde, coa axuda da súa cachaporra, resolve dun xeito que incomoda ao Demo ao ver o seu inferno cheo de personaxes que non lle son gratos. Espectáculo baseado na investigación que a compañía fixo sobre a figura de Barriga Verde e o títere tradicional galego. Preséntase coma unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX .



## Barriga Verde ataca de novo, de Títeres Alakrán

Os números máis famosos do mítico Barriga Verde, dende a tourada, o militar, o enterro e por suposto a sempre elegante aparición do demo fan parte desta proposta na que Títeres Alakrán reinterpreta a obra clásica cun único manipulador que ademais recupera o tradicional emprego da palleta para lle pór voz aos personaxes.

## Dona Barriga Verde, de Larraitz Producións Artísticas

Con protagonista feminina por primeira vez nas tradicións europeas, Dona Barriga Verde, achega novas perspectivas aos roles de xénero e aos estereotipos desta tradición, supón unha actualización das formas e xeitos do títere popular, reinterpreta o patrimonio inmaterial desta técnica titiriteira que nos axudou a purgar as inxustizas a través da risa durante séculos aporta un personaxe coa que as nenas se podan identificar alonxado doutros estereotipos ademais dun xeito propio, dende a miña condición de muller, de empatizar cos cidadáns a través desta arte centenaria.

## Recollida de memoria

Propónse coordinar desde o centro unha iniciativa de recollida de memoria arredor dos títeres a festas populares. Amosaranse exemplos de testemuños recollidos, explicaranse xeitos de facer entrevistas e traballarase a problemática específica de traballar coa memoria oral e de recoller testemuñas sobre estes temas. Ademais, valoraranse as testemuñas recollidas e amosarase como se extraen datos das mesmas e como se pode afondar en determinados aspectos da memoria das persoas.

Guía para entrevistas sobre a memoria dos títeres no web da AC Morreu o Demo:

<http://barrigaverde.eu/cms/guia-para-realizar-entrevistas-sobre-os-titeres-tradicionais/>

## Asistencia ao festival Titiriberia en Rianxo, FIT Redondela ou Galicreques en Santiago

Como complemento ao traballo con títeres, pode ser interese organizar excursións ás funcións que se ofertan no marco de festivais como FIT Redondela, Galicreques ou Titiriberia.



## Encontro a memoria das festas

A proposta pretende compilar experiencias sobre Barriga Verde e as diferentes barracas que percorreron Galiza entre os anos 10 e 60 do pasado século. A partir das propostas de recollida de memoria que se desenvolven nos centros, artellarase un encontro interxeracional con persoas da terceira idade da localidade que lembran a Barriga Verde. As persoas participantes repasarán, a partir de preguntas do público e cun moderador, o xeito no que vivían as festas e feiras da súa mocidade.

O encontro gravarase (no momento ou a posteriori, recollendo unha selección de lembranzas individuais). Recóllese material que os participantes poidan ter sobre estes eventos (fotografías, recortes de xornal, folletos, entradas...) e dixitalízase. Logo da gravación, édítase un vídeo no que se recollen as diferentes lembranzas sobre as festas que xorden en cada encontro.

### Opcións

- A. Levar un grupo de música que interprete temas propios de festas, organizando sesión de baile no correspondente centro. Consultar cos participantes temas que eles lembran para artellar o repertorio de xeito previo.
- B. Integrar na actividade a proxección do documental *Morreu o demo, acabouse a peseta* ou unha actuación do espectáculo de títeres de Barriga Verde, por parte da compañía Viravolta. Nese caso o público da actuación amplíase até a infancia.

## Documentación das actividades

Anímase aos centros participantes a desenvolver a documentación audiovisual das actividades. A cobertura mediante fotografía ou vídeo dos obradoiros e representacións que se desenvolven no centro pode ser unha estupenda escusa para traballar a formación nestes campos. Ademais, as gravacións de vídeo supoñen unha estupenda ferramenta para traballar as técnicas dramáticas empregadas nas obras de títeres e mellorar as mesmas. Canda a isto, o vídeo é o mellor xeito para conservar as montaxes resultantes destas iniciativas e facilitar compartir as mesmas alén do centro.



Agora que os obradoiros e actividades presenciais son máis complexas é importante para a asociación que os centros nos envíen as imaxes e vídeos realizados, para que haxa unha retroalimentación ou retorno dos centros á asociación, e tamén para que podamos incorporar á memoria dos proxectos o alcance dos mesmos.

envíos a : [info@barrigaverde.eu](mailto:info@barrigaverde.eu)

## Montaxe dunha obra de títeres

Un xeito óptimo de aproveitar os coñecementos desenvolvidos ao longo dos diferentes obradoiros nos centros sería completar a montaxe dunha obra de títeres orixinal por parte do alumnado. Diferentes grupos poden se encargarse da escrita do guión, a construción e a manipulación das marionetas.

## Outras opcións no catálogo de actividades da AC Morreu o Demo.

<http://barrigaverde.eu/cms/catalogo-de-actividades/>

### En vindeiras fases:

Ampliáranse os centros de ensino implicados no proxecto, exposicións e obradoiros con novos contidos e técnicas, tanto presenciais como en formato vídeo, e novas guías didácticas ao redor do títere tradicional, que faciliten a posibilidade de crear unha Rede de Escolas Titiriteiras.

### Rede de escolas titiriteiras

A nosa intención é que esta campaña permita implicar activamente profesores e alumnos na recuperación do títere tradicional e ser a base dunha Rede de Escolas Titiriteiras que permitan unha maior penetración deste traballo a nivel local e autonómico.

Estas embaixadas, ademais de facer accesible a alumnos e público en xeral material divulgativo sobre o títere tradicional, servirán de referencia para a recuperación da memoria das festas e dos títeres nas súas respectivas localidades. Actuarán pois como centros de documentación de todo o material que se recolla no contorno, tanto en actividades propias como propiciadas pola organización, e documentación relacionada. Ademais, serán centros de referencia para acoller sucesivas actividades, presentacións e representacións vinculadas ao proxecto.



Do mesmo xeito, a rede será base dunha importante produción de obras escolares que se integrará no Festival Titiriberia, nunha iniciativa pioneira no país. Barállase a posibilidade de desenvolver un certame de títeres escolares para recoñecer os mellores traballos neste ámbito.

[info@barrigaverde.eu](mailto:info@barrigaverde.eu)

<http://barrigaverde.eu/>

<https://www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/>